



exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades Locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos. — El Secretario Judicial. — Sigue firma.

Concuenda bien y fielmente con su original al que me remito, y para que surta los efectos oportunos, expido el presente que firmo en Vigo, a veintiséis de noviembre de dos mil trece. — Doy fe. — El Secretario Judicial, Manuel Rodríguez González. **2013010786**

OTRAS ENTIDADES

CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO

A N U N C I O

Rematado o período de exposición ao público, foron resoltas as reclamacións presentadas na sesión do Comité Directivo de data 05.12.2013 aprobándose definitivamente a Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable no ámbito territorial do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro cuxo texto se reproduce a continuación:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE NO ÁMBITO TERRITORIAL DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO

ARTIGO 1. FUNDAMENTO, OBXECTO E ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN

1. A aprobación desta Ordenanza fiscal por parte do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos integrantes do mesmo a través dos seus Estatutos (publicados no Diario Oficial de Galicia nº 34, de 18 de febreiro de 2013), en virtude das potestades normativa e tributaria atribuídas polos artigos 6.2.a) da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 4 dos seus Estatutos, e ó abeiro do establecido nos artigos 20.4.t) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se probou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas pola prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable no ámbito territorial do Consorcio.

3. O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza está integrado polos termos municipais dos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, ós que se fará referencia como municipios do Consorcio.

ARTIGO 2. RELACIÓN DAS TAXAS DERIVADAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE QUE SE ESTABLECEN. FEITO IMPOÑIBLE

1. Establécense as seguintes taxas derivadas do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable:

- a) Taxa por abastecemento: constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de subministración domiciliaria de auga potable, comprendendo a súa captación, tratamento, depósito e distribución ata os domicilios ou locais comerciais e industriais.
- b) Taxa pola conservación e mantemento de contadores: constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos de conservación e mantemento dos contadores, incluíndo a reparación e substitución dos contadores avariados ou en mal estado.

Para estes efectos, e ó abeiro do disposto nos artigos 20.1.B).a) e 20.4.t) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, declárase obrigatoria a recepción do servizo de conservación e mantemento de contadores.

- c) Taxa polos servizos de inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores: constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación, de xeito illado ou en unidade de acto, dos servizos de inspección de instalacións, desprecintado de instalacións en supostos de corte da subministración ordenada pola administración xestora por causa imputable ó usuario e/ou verificación e precintado de contadores con carácter previo á súa posta en funcionamento.

2. Aos efectos da aplicación das taxas pola prestación do servizo de subministración de auga potable, distínguense os seguintes usos:

- a) Usos domésticos, os usos particulares que se corresponden co uso da auga para beber, para sanitarios, para duchas, para cociña e comedor, para lavados de roupa e de vaixelas, para limpeza, para regas de parques e xardíns, para refrixeración e para acondicionamentos domiciliarios sen actividade industrial e mais con outros usos da auga que se poidan considerar consumos inherentes ou propios da actividade humana non industrial, nin comercial, nin agrícola, nin gandeira, nin forestal.
- b) Usos non domésticos, os correspondentes ás actividades incluídas na Clasificación nacional de actividades económicas, aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril, agás que se asimilen a usos domésticos.
- c) Usos asimilados a domésticos, os usos non domésticos da auga indicados no parágrafo anterior que usen un volume total de auga nun ano natural inferior aos 2.000 metros cúbicos.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ós que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario ou en virtude de calquera título xurídico que outorgue o dereito ó uso do inmovible, como o usufruto, uso, habitación, arrendamento, precario ou calquera outro.

2. En todo caso, terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre o ocupante ou usuarios.

3. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei Xeral Tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE

1. A base impoñible do tributo virá determinada, para cada unha das cotas, en razón do feito impoñible e o seu modo de medición ou valoración, segundo o establecido no artigo 5 da presente Ordenanza.

2. A determinación de dita base impoñible verificase, por unha banda, pola dispoñibilidade e utilización do servizo, e en función da cantidade de auga utilizada ou consumida nun mes natural, expresada en metros cúbicos, segundo se trate do termo fixo ou variable da tarifa.

Por outra banda, para aquelas outras actividades de índole técnica e administrativa, a determinación da súa base impoñible será en razón do parámetro que para cada cota se estableza na estrutura tarifaria definida no artigo 5 da presente Ordenanza.

3. A determinación da cota variable da base impoñible realizarase, con carácter xeral, mediante contadores homologados. Para estes efectos, os usuarios están obrigados a instalar pola súa conta un mecanismo de medición directa da auga efectivamente usada ou consumida. A partires desta medición, a base impoñible obterase como a media da diferenza entre as lecturas rexistradas en dous bimestres consecutivos.

4. As subministracións que non posúan contador, liquidaranse por un mínimo de 100 m³/mes para os usos domésticos e asimilados a domésticos, e de 250 m³/mes para os usos non domésticos.

ARTIGO 5. TARIFAS

1. Na percepción desta taxa seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa variable correspondente a cada un dos tramos e liquidando ao usuario o importe resultante da suma de todos eles:

a) Tarifas fixas de abastecemento por abonado e por modalidade de consumo:

Consumo doméstico e asimilado.....	2,10 €/mes
Consumo non doméstico.....	3,50 €/mes

b) Tarifas variables de abastecemento por tramos de volume e modalidade de consumo:

Consumo doméstico e asimilado: Para a determinación da tarifa variable de aplicación, a administración tributaria establecerá catro tramos de consumo, en función do número de habitantes de cada vivenda e do volume de auga consumido expresado en metros cúbicos, aplicando a fórmula establecida no artigo 53.1 da Lei de augas de Galicia, contemplados para a aplicación do tipo de gravame do canon da auga:

– De 0 a 2·n m ³ /mes.....	0,37 €/m ³
– M ³ que exceda de 2·n e ata 4·n m ³ /mes.....	0,42 €/m ³
– M ³ que exceda de 4·n e ata 8·n m ³ /mes.....	0,52 €/m ³
– M ³ que exceda do consumo de 8·n m ³ /mes.....	0,62 €/m ³

Para os efectos de determinación dos tramos de consumo, e salvo proba en contrario, presumirase que unha vivenda (ou local) está habitada por tres persoas (n=3). De oficio ou a instancia de parte, a administración tributaria poderá establecer o número de persoas aplicable, mediante calquera medio de proba admisible en Dereito que acredite fidedignamente o número real de habitantes. A modificación do padrón de contribuíntes resultante terá efectos no bimestre seguinte ó da súa acreditación polo interesado ou ó da súa constatación pola administración tributaria.

Consumo non doméstico:

– Tarifa única por volume.....	0,63 €/m ³
--------------------------------	-----------------------

Subministración en alta: de acordo aos convenios establecidos con outras entidades ou administracións públicas ou de acordo coa seguinte:

– Tarifa única por volume.....	0,24 €/m ³
--------------------------------	-----------------------

Consumos realizados polas Dependencias e os Servizos Municipais das Entidades Locais integradas no Consorcio:

– Tarifa única por volume.....	0,18 €/m ³
--------------------------------	-----------------------

c) Tarifa fixa por conservación e mantemento de contadores:

– Calibre 13 mm.....	0,46 €/mes
– Calibre 15 mm.....	0,51 €/mes
– Calibre 20 mm.....	0,62 €/mes
– Calibre 25 mm.....	1,03 €/mes
– Calibre 30 mm.....	1,44 €/mes
– Calibre 40 mm.....	2,22 €/mes
– Calibre 50 mm.....	5,27 €/mes
– Calibre 65 mm.....	5,95 €/mes
– Calibre 80 mm.....	7,87 €/mes
– Calibre 100 mm.....	9,78 €/mes
– Calibre 150 mm.....	14,03 €/mes

- d) Tarifa polos servizos de inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores, por unidade de instalación obxecto do servizo:
- De uso doméstico ou asimilado.....20,64 €/ud
 - De uso non doméstico.....45,36 €/ud
2. Tarifas por autorización de conexión ás redes:
- a) Por unidade de execución de acometida, de ata 6 metros de lonxitude:
- Para uso doméstico e asimilado.....200,07 €/ud
 - Para uso non doméstico.....314,24 €/ud
- b) Por unidade de adquisición de contador:
- Calibre 13 mm.....44,95 €/ud
 - Calibre 15 mm.....55,17 €/ud
 - Calibre 20 mm.....67,21 €/ud
 - Calibre 25 mm.....110,77 €/ud
 - Calibre 30 mm.....154,70 €/ud
 - Calibre 40 mm.....239,63 €/ud
 - Calibre 50 mm.....567,83 €/ud
 - Calibre 65 mm.....641,75 €/ud
 - Calibre 80 mm.....848,31 €/ud
 - Calibre 100 mm.....1.054,37 €/ud
 - Calibre 150 mm.....1.511,96 €/ud
3. Ás tarifas aplicaráselles o IVE correspondente, conforme coa normativa tributaria vixente.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria determinarase pola adición de dúas tarifas por cada un dos servizos prestados:
- a) Unha tarifa de carácter fixo, en función do tipo de usuario, directamente establecida na presente ordenanza.
- b) Unha tarifa de carácter variable, en función do volume real de auga subministrada, do tipo de usuario e do número de persoas residentes (isto último só no caso de usuarios domésticos).

2. A fixación ou determinación da cota tributaria deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación dos servizos incluídos no artigo 5.1.b). A cota tributaria será resultado de aplicar á base imponible a correspondente tarifa.
- b) En tódolos demais supostos, que dean orixe a exacción da taxa, a cota tributaria será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 7. DEVENGO

1. A taxa por abastecemento devengarase, nacendo a obriga de contribuír, o primeiro día do período impositivo ou cando se produza a alta no servizo de abastecemento, e igualmente cando, sen terse producido esa alta, se reciba materialmente o servizo de subministración de auga, sen prexuízo das responsabilidades a que poida dar lugar a recepción irregular deste servizo.

2. A alta no servizo de subministración producirase a instancia de parte, coa instalación do contador nas condicións técnicas que se establezan na ordenanza reguladora do servizo ou, no seu defecto, mediante resolución da administración xestora do servizo.

3. Nos supostos en que se subministrase efectivamente auga sen que exista alta autorizada no servizo, liquidarase a taxa correspondente ó consumo de auga realmente realizado, sempre que este conste, así como a cota fixa do servizo polo tempo en que constase que este se veu prestando, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador ou do exercicio das accións xudiciais ou administrativas que correspondan.

4. A taxa polo servizo de conservación e mantemento de contadores devengarase conxuntamente coa taxa por abastecemento.

5. As taxas polos servizos de inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores devengarase no momento da prestación efectiva dos servizos sinalados.

ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO

A taxa polo servizo de abastecemento é de carácter regular e periódico coincidindo o período impositivo co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento en que se axustará ás devanditas circunstancias por bimestres completos, calquera que sexa o tempo de utilización do servizo dentro do devandito período. Sen prexuízo do anterior, aos efectos do disposto no artigo 10º desta Ordenanza, a taxa esixirase mediante liquidacións bimestrais a través do recibo único a que o devandito precepto se refire.

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA

1. As taxas de abastecemento e conservación e mantemento de contadores xestionaranse de oficio polo Consorcio, a partires dun padrón que se formará bimestralmente, aprobándose mediante resolución do órgano competente. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito imponible do que a administración teña constancia:

- a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo. Farase constar a identificación do titular do inmovible como contribuínte, agás no caso de que a administración tributaria teña constancia de que o contribuínte é unha persoa diferente, en cuxo caso no padrón figurarán o ocupante ou usuario como contribuínte e o titular do inmovible como substituto do contribuínte.
- b) Identificación do inmovible ó que se presta o servizo.
- c) Data de devengo da taxa e período de liquidación.
- d) Cota tributaria líquida, determinada polas tarifas aplicables conforme coa presente Ordenanza.
- e) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.

2. A inclusión ou alta no padrón verificarase de oficio polo Consorcio dende o momento en que se realice ante el calquera trámite que implique a realización polo mesmo das actividades amparadas polo feito imponible da taxa, considerándose en calquera caso incluídos no mesmo todos aqueles usuarios que, á entrada en vigor da presente Ordenanza, reciban ou teñan á súa disposición, con carácter obrigatorio, o servizo de abastecemento, ben sexa porque teñan contratado especificamente o mesmo ou porque residan e/ou utilicen a vivenda, local ou finca, que se atope conxestionada mediante as correspondentes acometidas aos sistemas hidráulicos baixo a responsabilidade do Consorcio.

3. Aos efectos do parágrafo anterior, as vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100 metros das redes de subministración de auga deberán conectar obrigatoriamente a elas, previa solicitude correspondente.

4. O anuncio de aprobación do padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiros de edictos dos Concellos consorciados, quedando exposto durante un prazo dun mes contado a partir da publicación no Boletín. As modificacións, altas e baixas que se produzan ó longo do exercicio tributario incorporaranse ó padrón mediante resolución do órgano competente, que será obxecto de notificación individualizada ós interesados, sen prexuízo da súa publicación.

5. No suposto da existencia de interesados que sexan incluídos por primeira vez no padrón, procederáse ademais á notificación individualizada da súa inclusión, cos datos da liquidación correspondente.

6. Os interesados terán a obriga de comunicar á administración calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modifica-los datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falta de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo interesado da súa obriga de comunica-los cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola administración tributaria.

7. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de notificación o domicilio fiscal do contribuínte ou do seu substituto, conforme coa lexislación tributaria vixente.

8. A acreditación do número de habitantes por vivenda realizarase conforme ó procedemento establecido no artigo 22 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura, sendo competente a administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

9. Contra os actos de xestión, inspección, liquidación e recadación tributaria procederán os recursos establecidos para as taxas locais na lexislación de facendas locais.

10. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexeráse polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

ARTIGO 10. LIQUIDACIÓN E COBRO

1. A liquidación e cobro das taxas realizarase mediante a emisión do correspondente recibo único, na que se detallarán os elementos de cálculo, tarifas e taxas resultantes conforme ao artigo 5 precedente, con indicación dos importes individuais e totais, servindo estes como base para a liquidación do IVE que corresponda, que igualmente figurará de xeito diferenciado.

Dito recibo remitirase por correo ordinario ou sistema similar, ao domicilio designado ao efecto por cada usuario, ou ao de subministración se non se dispuxese dese dato.

2. Con carácter xeral establécense os seguintes períodos de pagamento:

a) Se se trata de tarifas cuxo orzamento de feito consista en actuacións de índole administrativa ou técnica (vencemento único), o seu pagamento deberá facerse efectivo dende o mesmo momento no que se emita o recibo, debendo ser verificado o ingreso con carácter previo á súa realización polo Consorcio.

b) Se se trata de tarifas correspondentes aos supostos de dispoñibilidade ou utilización do servizo (vencemento periódico), o período de pagamento voluntario en ningún caso será inferior a dous meses.

3. A liquidación das cotas de consumo realizarase, con carácter xeral, por diferenza de lecturas no contador, para o cal, establecerase un sistema de lectura permanente e periódico, de xeito que para cada abonado, os ciclos de lectura manteñan no posible, o mesmo número de días, producíndose tantas lecturas como períodos de liquidación.

4. No caso de que varias vivendas e/ou locais se sirvan de un mesmo contador, o consumo rexistrado por este dividiráse entre o número de vivendas e/ou locais dados de alta no servizo, aos efectos de aplicar a cota tributaria correspondente aos bloques de consumo que lle correspondan a cada vivenda e/ou local.

5. As taxas polos servizos de inspección de instalacións, desprecintado de instalacións e verificación e precintado de contadores liquidaranse individualmente, caso por caso.

6. A liquidación da taxa poderá realizarse conxuntamente coa das taxas polo servizo de sumidoiros e/ou depuración de augas residuais, cando a administración tributaria sexa competente para a súa xestión.

7. O non pagamento das liquidacións realizadas polo Consorcio poderá dar lugar ao inicio do oportuno expediente de suspensión da subministración, na forma e termos previstos no Regulamento de Prestación do Servizo, procedemento que non se poderá simultanear coa reclamación en vía de prema, aínda cando poderá optarse por esta vía para a reclamación de débedas de servizos xa suspendidos ou, no seu caso, mediante a interposición das oportunas accións en vía xurisdiccional.

8. A vía de prema someterase ao establecido no artigo 163 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 11. BENEFICIOS E EXENCIÓNS FISCAIS

1. Será de aplicación unha dedución do 50% sobre a cota tributaria íntegra ás familias numerosas e rexerase polo establecido nos artigos 23 e 24 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura, sendo competente a administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción tramitación e resolución.

2. Será de aplicación a concesión das exencións por estar en situación de exclusión social e rexeranse polo establecido nos artigos 25 e 26 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura, sendo competente a administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

3. Será de aplicación a concesión das exencións a entidades de iniciativa social e rexeranse polo establecido no artigo 39 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura, sendo competente a administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

4. Están exentos do pagamento da taxa por abastecemento os subministros domiciliarios de auga potable a instalacións deportivas de titularidade municipal.

ARTIGO 12. RÉXIME SANCIONADOR. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións e sancións relacionadas coa taxa regulada na presente Ordenanza fiscal, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable ó efecto.

Disposición adicional

Para os efectos da presente ordenanza entenderase por administración tributaria e por administración xestora do servizo a que, en cada momento, exerza as competencias correspondentes, sexa como competencias propias ou por delegación.

Disposición transitoria

Para aqueles suxeitos pasivos que á entrada en vigor da presente Ordenanza Fiscal non teñan instalado un aparato contador de medida de consumos, establécense un período de 6 meses, contados a partires da entrada en vigor desta Ordenanza, para a tramitación das correspondentes solicitudes de autorización de conexión, inspección e/ou precintado de instalacións.

Durante este período, establécense os seguintes consumos mínimos liquidables, segundo a metodoloxía contida no arriba citado Decreto 136/2012:

- a) Consumo doméstico e asimilado: A base imponible establecerase a partires dunha dotación de 151 litros por habitante e día, de acordo co establecido no Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa.
- b) Consumo non doméstico: De acordo aos artigos 15 e/ou 16 do Decreto 136/2012.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Tui, 05.12.2013.—O Presidente, Francisco Menéndez Iglesias.

A N U N C I O

Rematado o período de exposición ao público sen que se tivesen presentado reclamacións enténdese definitivamente aprobada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos profesionais prestados polo Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro cuxo texto se reproduce a continuación:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PROFESIONAIS PRESTADOS POLO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO.*ARTIGO 1. FUNDAMENTO, OBXECTO E ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN*

1. A aprobación desta Ordenanza fiscal por parte do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos integrantes do mesmo a través dos seus Estatutos (publicados no Diario Oficial de Galicia nº 34, de 18 de febreiro de 2013), en virtude das potestades normativa e tributaria atribuídas polos artigos 6.2.a) da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 4 dos seus Estatutos, e ó abeiro do establecido no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas pola prestación de servizos profesionais no ámbito territorial do Consorcio.

3. O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza está integrado polos termos municipais dos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, ós que se fará referencia como municipios do Consorcio.

ARTIGO 2. RELACIÓN DE TAXAS DERIVADAS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PROFESIONAIS QUE SE ESTABLECEN. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa por servizos profesionais a prestación, por parte de profesionais facultativos ao servizo do Consorcio, dos servizos derivados da realización das seguintes actividades administrativas da súa competencia, incluídas na modalidade de actuacións profesionais:

- a) Dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato, incluídas as adquisicións ou subministracións especificadas nos proxectos e as correspondentes revisións de prezos a cargo do Consorcio para a xestión e execución das devanditas actividades, calquera que fose a forma de adxudicación do contrato.
- b) Dirección e inspección da explotación de infraestruturas hidráulicas.
- c) Dirección dos contratos de servizo e dos contratos de xestión de servizos públicos en materia de augas.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

É suxeito contribuínte da taxa por servizos profesionais a persoa física ou xurídica e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria aos que se lle preste calquera dos servizos enumerados no artigo 2.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible do tributo virá determinada, para cada un dos feitos imponibles enumerados no artigo 2, e de xeito correlativo co nel exposto, de acordo aos seguintes criterios:

- a) A base da taxa por dirección e inspección de obras será o presuposto de execución material, coa inclusión de ser o caso das revisións de prezos e as adquisicións e subministracións específicas nos proxectos e segundo as certificacións expedidas por o servizo
- b) A base imponible da taxa por dirección de explotación será o importe de cada unha das certificacións expedidas polo servizo.

- c) A base imponible da taxa por dirección de contratos de servizo e contratos de xestión de servizo público será a execución material de cada un dos contratos de servizo ou de xestión de servizo.

ARTIGO 5. TARIFAS

As tarifas a aplicar a cada unha das bases impositivas definidas no artigo anterior, e de acordo aos feitos impositivos definidos no artigo 2, de xeito correlativo, serán as seguintes:

- a) Dirección e inspección de obras.....4%
b) Dirección de explotación.....4%
c) Dirección de contratos de servizo e de xestión de servizo público.....4%

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación das tarifas contempladas no artigo 5 a cada unha das bases impositivas definidas no artigo 4, para cada un dos feitos impositivos definidos no artigo 2.

ARTIGO 7. DEVENGO

A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA

1. A liquidación das taxas practicarase en cada certificación de obra, servizo ou contrato de xestión de servizo público que se someta á aprobación dos órganos competentes do Consorcio.

2. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de notificación o domicilio fiscal do contribuínte, conforme coa lexislación tributaria vixente.

3. Contra os actos de xestión, inspección, liquidación e recadación tributaria procederán os recursos establecidos para as taxas locais na lexislación de facendas locais.

4. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexeráse polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

ARTIGO 10. LIQUIDACIÓN E COBRO

A liquidación e cobro das taxas farase efectiva mediante a dedución sobre o pagamento da certificación de obra, servizo ou contrato de xestión de servizo público correspondente.

ARTIGO 11. BENEFICIOS E EXENCIÓNS FISCAIS

De acordo co establecido no artigo 9 do R.D.L. 2/2004 do 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación de Tratados internacionais.

ARTIGO 12. RÉXIME SANCIONADOR. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e as sancións que a estas corresponderán en cada caso. Aplicarase o na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan, conforme ao establecido no artigo 11 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Disposición adicional

Para os efectos da presente ordenanza entenderase por administración tributaria e por administración xestora do servizo a que, en cada momento, exerza as competencias correspondentes, sexa como competencias propias ou por delegación.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Tui, 05.12.2013..—O Presidente, Francisco Menéndez Iglesias.

A N U N C I O

Rematado o período de exposición ao público, foron resoltas as reclamacións presentadas na sesión do Comité Directivo de data 05.12.2013 aprobándose definitivamente a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais no ámbito territorial do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro cuxo texto se reproduce a continuación:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO
DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NO ÁMBITO TERRITORIAL
DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO.**

ARTIGO 1. FUNDAMENTO, OBXECTO E ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN

1. A aprobación desta Ordenanza fiscal por parte do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos integrantes do mesmo a través dos seus Estatutos (publicados no Diario Oficial de Galicia nº 34, de 18 de febreiro de 2013), en virtude das potestades normativa e tributaria atribuídas polos artigos 6.2.a) da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 4 dos seus Estatutos, e ó abeiro do establecido nos artigos 20.4.r) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se probou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 67.3, inciso final, da Lei 9/2010 de 4 de novembro, de augas de Galicia.

2. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas pola prestación do servizo municipal de sumidoiros e o servizo intermunicipal de depuración de augas residuais no ámbito territorial do Consorcio.

3. O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza está integrado polos termos municipais dos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, ós que se fará referencia como municipios do Consorcio.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa correspondente á prestación do servizo de sumidoiros, a evacuación das augas residuais de vivendas, locais comerciais e industriais a través das redes ben de titularidade municipal ou ben cedidas polas administracións que integran o Consorcio.

2. Constitúe o feito imponible da taxa do servizo intermunicipal de depuración de augas residuais a prestación, nos termos municipais respectivos, do servizo referenciado a vivendas e establecementos ou locais destinados a calquera tipo de actividade susceptible de produción de augas residuais, incluídas as que carezan de contido económico. O servizo gravado consistirá na depuración das augas residuais evacuadas dende os inmobles a través das redes de sumidoiros e ata as infraestruturas de depuración xestionadas polo Consorcio, incluíndo tanto as estacións depuradoras de augas residuais como as foxas sépticas.

3. A prestación dos servizos a cada vivenda, local ou establecemento constitúe un feito imponible diferenciado, dando lugar ó devengo das correspondentes taxas, incluso nos supostos en que varias vivendas, locais ou establecementos pertencen a un mesmo suxeito pasivo.

4. As taxas polos servizos de sumidoiros e/ou depuración das augas residuais esixiranse tanto pola vertedura da auga facilitada por entidades subministradoras como pola vertedura derivada do uso de auga en réxime de concesión para abastecemento ou procedente de captacións propias, superficiais ou subterráneas, incluídas as verteduras derivadas do uso de augas pluviais que efectúen directamente los usuarios.

5. Para os efectos da determinación das tarifas fixa e variable integrantes da cota auga potable, distínguense os seguintes usos:

- a) Usos domésticos, os usos particulares que se corresponden co uso da auga para beber, para sanitarios, para duchas, para cociña e comedor, para lavados de roupa e de vaixelas, para limpeza, para regas de parques e xardíns, para refrixeración e para acondicionamentos domiciliarios sen actividade industrial e mais con outros usos da auga que se poidan considerar consumos inherentes ou propios da actividade humana non industrial, nin comercial, nin agrícola, nin gandeira, nin forestal.
- b) Usos non domésticos, os correspondentes ás actividades incluídas na Clasificación nacional de actividades económicas, aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril, agás que se asimilen a usos domésticos.
- c) Usos asimilados a domésticos, os usos non domésticos da auga indicados no parágrafo anterior que usen un volume total de auga nun ano natural inferior aos 2.000 metros cúbicos.
- d) Usuarios con carga contaminante: os que sexan clasificados como tales polo Consorcio en aplicación dos criterios establecidos no artigo 56 apartados 1.b) e 2 da Lei de augas de Galicia e no artigo 33 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aprobou o Regulamento do canon de auga e coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais. Esta clasificación só será empregada no suposto en que a cota tributaria resultante sexa maior que a que lles correspondería pola aplicación da cota de usuarios non domésticos.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ós que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario ou en virtude de calquera título xurídico que outorgue o dereito ó uso do inmovible, como o usufruto, uso, habitación, arrendamento, precario ou calquera outro.

2. En todo caso, terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre o ocupante ou usuarios.

3. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei Xeral Tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible do tributo virá determinada, para cada unha das cotas, en razón do feito imponible e o seu modo de medición ou valoración, segundo o establecido no artigo 5 da presente Ordenanza.

2. A determinación de dita base imponible verificase, por unha banda, pola dispoñibilidade e utilización do servizo, e en función da cantidade de auga utilizada ou consumida nun mes natural, expresada en metros cúbicos, segundo se trate do termo fixo ou variable da tarifa.

Por outra banda, para aquelas outras actividades de índole técnica e administrativa, a determinación da súa base imponible será en razón do parámetro que para cada cota se estableza na estrutura tarifaria definida no artigo 5 da presente Ordenanza.

3. A determinación da cota variable da base imponible realizarase, con carácter xeral, de acordo coa base imponible establecida para a aplicación da taxa por abastecemento domiciliario segundo a Ordenanza fiscal vixente para o Consorcio.

4. Para aqueles usuarios dos servizos regulados mediante a presente Ordenanza e que non reciban o servizo de abastecemento a través do Consorcio, a base impositiva determinarase de acordo as regras establecidas na Lei de augas de Galicia e no Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura para a determinación da base impositiva do coeficiente de vertedura, empregándose os métodos de estimación directa, obxectiva e indirecta nos mesmos supostos e cos mesmos requisitos establecidos na dita normativa.

ARTIGO 5. TARIFAS

I) TARIFAS DE SUMIDOIROS

1. Na percepción desta taxa seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa variable correspondente a cada un dos tramos e liquidando ao usuario o importe resultante da suma de todos eles:

a) Tarifas fixas polo servizo de sumidoiros, por abonado e por modalidade de consumo:

Consumo doméstico e asimilado.....1,50 €/mes

Consumo non doméstico.....2,50 €/mes

b) Tarifas variables polo servizo de sumidoiros, por tramos de volume e modalidade de consumo:

Consumo doméstico e asimilado: Para a determinación da tarifa variable de aplicación, a administración tributaria establecerá catro tramos de consumo, en función do número de habitantes de cada vivenda e do volume de auga consumido expresado en metros cúbicos, aplicando a fórmula establecida no artigo 53.1 da Lei de augas de Galicia, contemplados para a aplicación do tipo de gravame do canon da auga:

De 0 a 2·n m³/mes.....0,22 €/m³

M³ que exceda de 2·n e ata 4·n m³/mes.....0,27 €/m³

M³ que exceda de 4·n e ata 8·n m³/mes.....0,32 €/m³

M³ que exceda do consumo de 8·n m³/mes.....0,37 €/m³

Para os efectos de determinación dos tramos de consumo, e salvo proba en contrario, presumirase que unha vivenda (ou local) está habitada por tres persoas (n=3). De oficio ou a instancia de parte, a administración tributaria poderá establecer o número de persoas aplicable, mediante calquera medio de proba admisible en Dereito que acredite fidedignamente o número real de habitantes. A modificación do padrón de contribuíntes resultante terá efectos no bimestre seguinte ó da súa acreditación polo interesado ou ó da súa constatación pola administración tributaria.

Consumo non doméstico:

Tarifa única por volume.....0,38 €/m³

Consumos realizados polas Dependencias e os Servizos Municipais das Entidades Locais integradas no Consorcio:

Tarifa única por volume.....0,11 €/m³

c) Tarifa polos servizos de inspección e verificación de acometidas, por unidade de instalación obxecto do servizo:

De uso doméstico ou asimilado.....20,64 €/ud

De uso non doméstico.....45,36 €/ud

2. Tarifas por autorización de conexión ás redes:

a) Por unidade de execución de acometida, de ata 8 metros de lonxitude:

Para uso doméstico e asimilado.....347,54 €/ud

Para uso non doméstico.....394,94 €/ud

3. Ás tarifas aplicaráselles o IVE correspondente, conforme coa normativa tributaria vixente.

II) TARIFAS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

1. A cota tributaria dos usuarios domésticos determinarase aplicando as seguintes regras:

a) Tarifa fixa.....1,50 €/mes

Non obstante, no suposto de que os usuarios non superen o consumo de auga establecido como primeiro tramo, a tarifa fixa será de 0,50 €/mes.

b) Tarifas variables:

Consumo doméstico: De acordo cos mesmos tramos de consumo e consideracións que as establecidas no artigo 6.I).1.b):

De 0 a 2·n m³/mes0,00 €/m³

M³ que exceda de 2·n e ata 4·n m³/mes.....0,28 €/m³

M³ que exceda de 4·n e ata 8·n m³/mes.....0,36 €/m³

M³ que exceda do consumo de 8·n m³/mes0,41 €/m³

2. A cota tributaria dos usuarios asimilados a domésticos determinarase aplicando as seguintes regras:

a) Tarifa fixa.....1,50 €/mes

Non obstante, no suposto de usuarios que non superen o consumo de auga establecido como primeiro tramo, a tarifa fixa será de 0,50 €/mes.

b) A tarifa variable determinarase aplicando as mesmas regras establecidas para os usuarios domésticos no apartado anterior, considerando os tramos de consumo equivalentes aos dunha vivenda de tres persoas (n=3) e as tarifas seguintes:

De 0 a 6 m³/mes.....0,28 €/m³

M³ que exceda de 6 e ata 12 m³/mes.....0,28 €/m³

M³ que exceda de 12 e ata 24 m³/mes.....0,36 €/m³

M³ que exceda do consumo de 24 m³/mes0,41 €/m³

3. A cota tributaria dos usuarios non domésticos determinarase aplicando as seguintes regras:

a) Tarifa fixa.....2,50 €/mes

b) Tarifa variable.....0,421 €/m³

4. A cota tributaria dos usuarios en modalidade de carga contaminante determinarase mediante a aplicación das seguintes regras:

a) Tarifa fixa.....2,50 €/mes

b) A tarifa variable será determinada por aplicación ó volume consumido dos tipos de gravame establecidos no artigo 56 da Lei de augas de Galicia e a súas disposicións de desenvolvemento para a determinación do tipo de gravame do canon da auga na modalidade de carga contaminante.

5. Ás tarifas aplicaráselles o IVE correspondente, conforme coa normativa tributaria vixente.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria determinarase pola adición de dúas tarifas por cada un dos servizos prestados:

a) Unha tarifa de carácter fixo, en función do tipo de usuario, directamente establecida na presente ordenanza.

b) Unha tarifa de carácter variable, en función do volume real de auga vertida e/ou depurada, do tipo de usuario e do número de persoas residentes (isto último só no caso de usuarios domésticos).

2. A fixación ou determinación da cota tributaria deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación dos servizos incluídos no artigo 5.I)1.b) e 5.II)1.b). A cota tributaria será resultado de aplicar á base imponible a correspondente tarifa.
- b) En tódolos demais supostos, que dean orixe a exacción da taxa, a cota tributaria será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 7. DEVENGO

1. A taxa polo servizo de sumidoiros e depuración devengarase, nacendo a obriga de contribuír, o primeiro día do período impositivo ou cando se produza a alta no servizo, e igualmente cando, sen terse producido esa alta, se reciban materialmente os servizos, sen prexuízo das responsabilidades a que poida dar lugar a recepción irregular deste servizo.

2. A alta no servizo de sumidoiros producirase a instancia de parte, coa execución da acometida nas condicións técnicas que se establezan na ordenanza reguladora do servizo ou, no seu defecto, mediante resolución da administración xestora do servizo.

3. Nos supostos en que se prestasen efectivamente os servizos sen que exista alta autorizada, liquidaranse as taxas correspondentes ó consumo ou uso de auga realmente realizado, sempre que este conste, así como as cotas fixas dos servizos polo tempo en que constase que estes se viñeron prestando, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador ou do exercicio das accións xudiciais ou administrativas que correspondan.

ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO

A taxa polo servizo de saneamento é de carácter regular e periódico, coincidindo o período impositivo co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento en que se axustará ás devanditas circunstancias por bimestres completos, calquera que sexa o tempo de utilización do servizo dentro do devandito período. Sen prexuízo do anterior, aos efectos do disposto no artigo 10º desta Ordenanza, a taxa esixirase mediante liquidacións bimestrais a través do recibo único a que o devandito precepto se refire.

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN

1. As taxas de sumidoiros e depuración xestionaranse de oficio polo Consorcio, a partires dun padrón que se formará bimestralmente, aprobándose mediante resolución do órgano competente. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito imponible do que a administración teña constancia:

- a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo. Farase constar a identificación do titular do inmovible como contribuínte, agás no caso de que a administración tributaria teña constancia de que o contribuínte é unha persoa diferente, en cuxo caso no padrón figurarán o ocupante ou usuario como contribuínte e o titular do inmovible como substituto do contribuínte.
- b) Identificación do inmovible ó que se presta o servizo.
- c) Data de devengo da taxa e período de liquidación.
- d) Cota tributaria líquida, determinada polas tarifas aplicables conforme coa presente Ordenanza.
- e) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.

2. A inclusión ou alta no padrón verificarase de oficio polo Consorcio dende o momento en que se realice ante el calquera trámite que implique a realización polo mesmo das actividades amparadas polo feito imponible da taxa, considerándose en calquera caso incluídos no mesmo todos aqueles usuarios que, á entrada en vigor da presente Ordenanza, reciban ou teñan á súa disposición, con carácter obrigatorio, os servizos de sumidoiros e/ou depuración, ben sexa porque teñan contratado especificamente o mesmo ou porque residan e/ou utilicen a vivenda, local ou finca, que se atope conxestionada mediante as correspondentes acometidas aos sistemas hidráulicos baixo a responsabilidade do Consorcio.

3. Aos efectos do parágrafo anterior, as vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100 metros das redes de sumidoiros deberán conectar obrigatoriamente a elas, previa solicitude correspondente.

4. O anuncio de aprobación do padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiros de edictos dos Concellos consorciados, quedando exposto durante un prazo dun mes contado a partir da publicación no Boletín. As modificacións, altas e baixas que se produzan ó longo do exercicio tributario incorporaranse ó padrón mediante resolución do órgano competente, que será obxecto de notificación individualizada ós interesados, sen prexuízo da súa publicación.

5. No suposto da existencia de interesados que sexan incluídos por primeira vez no padrón, procederase ademais á notificación individualizada da súa inclusión, cos datos da liquidación correspondente.

6. Os interesados terán a obriga de comunicar á administración calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modifica-los datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falta de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo interesado da súa obriga de comunica-los cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola administración tributaria.

7. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de notificación o domicilio fiscal do contribuínte ou do seu substituto, conforme coa lexislación tributaria vixente.

8. A acreditación do número de habitantes por vivenda realizarase conforme ó procedemento establecido no artigo 22 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura, sendo competente a administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

9. Contra os actos de xestión, inspección, liquidación e recadación tributaria procederán os recursos establecidos para as taxas locais na lexislación de facendas locais.

10. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

ARTIGO 10. LIQUIDACIÓN E COBRO

1. A liquidación e cobro das taxas realizarase mediante a emisión do correspondente recibo único, no que se detallarán os elementos de cálculo, tarifas e taxas resultantes conforme ao artigo 5 precedente, con indicación dos importes individuais e totais, servindo estes como base para a liquidación do IVE que corresponda, que igualmente figurará de xeito diferenciado.

Dito recibo remitirase por correo ordinario ou sistema similar, ao domicilio designado ao efecto por cada usuario, ou ao de subministración se non se dispuxese dese dato.

2. Con carácter xeral establécense os seguintes períodos de pagamento:

- a) Se se trata de tarifas cuxo orzamento de feito consista en actuacións de índole administrativa ou técnica (vencemento único), o seu pagamento deberá facerse efectivo dende o mesmo momento no que se emita o recibo, debendo ser verificado o ingreso con carácter previo á súa realización polo Consorcio.
- b) Se se trata de tarifas correspondentes aos supostos de dispoñibilidade ou utilización do servizo (vencemento periódico), o período de pagamento voluntario en ningún caso será inferior a dous meses.

3. A liquidación das cotas de consumo realizarase, con carácter xeral, por diferenza de lecturas no contador, para o cal, establecerase un sistema de lectura permanente e periódico, de xeito que para cada abonado, os ciclos de lectura manteñan no posible, o mesmo número de días, producíndose tantas lecturas como períodos de liquidación.

4. No caso de que varias vivendas e/ou locais se sirvan de un mesmo contador, o consumo rexistrado por este dividirase entre o número de vivendas e/ou locais dados de alta no servizo, aos efectos de aplicar a cota tributaria correspondente aos bloques de consumo que lle correspondan a cada vivenda e/ou local.

5. A liquidación da taxa realizarase conxuntamente coa das taxas por abastecemento de auga, cando a administración tributaria sexa competente para a súa xestión.

6. O non pagamento das liquidacións realizadas polo Consorcio poderá dar lugar ao inicio do oportuno expediente de suspensión da subministración, na forma e termos previstos no Regulamento de Prestación do Servizo, procedemento que non se poderá simultanear coa reclamación en vía de prema, aínda cando poderá optarse por esta vía para a reclamación de débedas de servizos xa suspendidos ou, no seu caso, mediante a interposición das oportunas accións en vía xurisdiccional.

7. A vía de prema someterase ao establecido no artigo 163 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 11. BENEFICIOS E EXENCIÓNS FISCAIS

1. Será de aplicación unha dedución do 50% sobre a cota tributaria íntegra ás familias numerosas e rexerase polo establecido nos artigos 23 e 24 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura, sendo competente a administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción tramitación e resolución.

2. Será de aplicación a concesión das exencións por estar en situación de exclusión social e rexeranse polo establecido nos artigos 25 e 26 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura, sendo competente a administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

3. Será de aplicación a concesión das exencións a entidades de iniciativa social e rexeranse polo establecido no artigo 39 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura, sendo competente a administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

4. Están exentas do pagamento da taxa establecida no artigo 2 da presente Ordenanza as instalacións deportivas de titularidade municipal.

ARTIGO 12. RÉXIME SANCIONADOR. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións e sancións relacionadas coa taxa regulada na presente Ordenanza fiscal, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable ó efecto.

ARTIGO 13. NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIA

A taxa polo servizo intermunicipal de depuración de augas residuais dos municipios integrados no Consorcio rexerase, no non establecido especificamente na presente Ordenanza, polas normas propias do coeficiente de vertedura regulado na Lei de augas de Galicia e no Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais aprobado por Decreto 136/2012, de 31 de maio, ou polas normas que no futuro os substitúan.

Disposición adicional

Para os efectos da presente ordenanza entenderase por administración tributaria e por administración xestora do servizo a que, en cada momento, exerza as competencias correspondentes, sexa como competencias propias ou por delegación.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Tui, 05.12.2013.—O Presidente, Francisco Menéndez Iglesias.

2013011022